



## Concello de A Pobra do Caramiñal

---

**Expediente:** 2599/2018

**Asunto:** exclusión do inventario de camiños do camiño con n.º de activo 482

### **PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Visto que en data 24 de novembro de 2016, na sesión plenaria ordinaria correspondente a ese mes, foi aprobado de maneira definitiva o Inventario de camiños municipais do Concello.

Visto que as posteriores rectificacións ao mesmo non foron aprobadas por non contar coa maioría necesaria.

Visto o informe do servizo de urbanismo municipal de data 19 de xullo de 2018, no que se pon de manifesto que “ *respecto da inclusión como camiño público do camiño con número de activo 482, a motivación pola cal foi incluído debeuse a un erro na interpretación das alegacións veciñais, pois as mesmas unicamente se referían ao camiño con número de activo 481.*”

Visto que tal erro ven a reflexar de maneira incorrecta a existencia dun camiño que non existe físicamente nin ven proxectado para a súa apertura no Plan Xeral de Ordenación Municipal e considerando o recollido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas no que se dispón que “*Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.*”

Por todo o anteriormente exposto, e visto o informe da Secretaría municipal, esta Alcaldía propón ao Pleno para a seu estudo e aprobación, se procede, o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Excluir o camiño con número de activo 482 do Inventario de Camiños municipal, por ter sido incluído na aprobación definitiva do mesmo debido a un erro material.

**Segundo.-** Dar publicidade do presente acordo plenario no Boletín Oficial da Provincia e notificar o mesmo aos interesados.

O Alcalde

asinado dixitalmente

---

**Concello de A Pobra do Caramiñal**

C/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 (A Coruña). Tfno. 981843280. Fax: